

**ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN DO TERCEIRO
TRIMESTRE
ED. INFANTIL
CURSO 2019-2020**

**EDUCACIÓN INFANTIL
CEIP DE FIGUEIROA
DATA: 10 DE MAIO DE 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

| | |
|---------------------------------------|----------------|
| 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL | páx. 3 |
| 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL | páx. 10 |
| 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL | páx. 15 |
| PSICOMOTRICIDADE | páx. 22 |
| MÚSICA E TIC | páx. 27 |
| LINGUA INGLESA | páx. 30 |

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**
4º EDUCACIÓN INFANTIL

Título do proxecto: Os alimentos

Xustificación*

Para o terceiro trimestre DESEÑAMOS un pequeno proxecto da alimentación, dando continuidade ao traballo que empezamos na aula e en consonancia co Proxecto Documental Integrado. O que se propón son unha serie de actividades para reforzar os contidos e obxectivos traballados nos trimestres anteriores, pero con un eixe motivador diferente a alimentación, sendo este un tema que nos gustaría compartir coas familias.

Tal como se recolle no decreto 330/09 polo que se establece o currículo de educación infantil e dadas as especiais circunstancias pretendemos establecer unha estreita relación coa familias para que sexan partícipes dentro das súas posibilidades no proceso educativo. Para esta labor puxemos á súa disposición un correo electrónico a través do cal nos fan as súas achegas e un servizo de mensaxería (espazo abalar), e establecendo comunicación telefónica para aqueles que non o fan vía internet.

Obxectivos de área:

- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...

Criterios de avaliación por área:

- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.
- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade
- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas

Obxectivos do proxecto:

- Adquirir hábitos de alimentación sans.
- Coñecer os grupos básicos de alimentos (a pirámide dos alimentos).
- Recoñecer e interiorizar hábitos de hixiene básicos.
- Fomentar o consumo de froita.
- Fomentar o gusto por cooperar na preparación de alimentos.

Traballar as tres áreas:

Estas áreas, que se corresponden con ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil, deberán concibirse cun criterio de globalidade e de mutua dependencia, e desenvolveranse mediante a realización de experiencias significativas. Os contidos terán un enfoque globalizador que determina que a proposta didáctica teñan como punto de partida situacións globais -situacións comunicativas, CONFLICTOS ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas.

1. CONTIDOS E COMPETENCIAS TRABALLADAS

CONTIDOS TRABALLADOS NO 3º TRIMESTRE

COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL

1. O corpo e a propia imaxe

-Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo

Adquisición de confianza nas capacidades propias

Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas -que proveñen dos propios músculos e articulacións- e as percepcións exteroceptivas –relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...

Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas

2. Xogo e movemento

Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas. Aceptación do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais

Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas

3. A actividade e a vida cotiá

Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia

Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos

Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias

4. O coidado persoal e a saúde

Recoñecemento das necesidades básicas do corpo -hixiene, alimentación, descanso...-.

Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso

Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.

Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde

Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

1. Medio físico: elementos, relacións e medida

Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns e mais mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos

Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.

Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotidiana

-Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...

3. Cultura e vida en sociedade

Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. LINGUAXE VERBAL .

1.1. escoitar, falar e conversa

Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.

Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas

1.2. Aproximación á lingua escrita

Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas

1.3. Achegamento á literatura

Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida

2. LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

-Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, maxes....- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collaxe, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...

Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais

3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación

Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

| | |
|--|---|
| Avaliación global, continua e formativa (regulador e orientadora do proceso educativo) | Procedementos: A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación. |
| | Instrumentos: rexistros, produto final de proxecto |
| Avaliación 3º trimestre | A análise das producións das nenas e dos nenos (que nos fagan achegas) e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación. Avaliaremos os procesos de ensino e a actuación docente. Así como a adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación. Avaliaremos a adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas |

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|--|
| Actividades | <p>Receitas</p> <p>Cancións A formiguiña, A taza, ...</p> <p>Contos "Sopa verde", Sopa de Calabaza"; Maruxa,...</p> <p>Elaboración libro dos alimentos</p> <p>Xogos "o supermercado"</p> <p>"Colaboro nas tarefas de casa"</p> |
| Metodoloxía (alumnado CON conectividade) | <p>Proposta de actividades, recursos,.... accesibles a través web do centro.</p> <p>Correo electrónico para facer achegas por parte das familias</p> |
| Metodoloxía (alumnado SEN conectividade) | <p>Chamadas telefónicas para guiar as tarefas e intercambio de información.</p> |
| Materiais e recursos | <p>Fichas imprimibles dos alimentos (series, conceptos)</p> <p>Recopilación de Contos, cancións e xogos para traballar os contidos</p> <p>Enlaces a páxinas web de interese: receitas, contos, cancións, xogos, crebacabezas,...</p> |

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| | |
|---|---|
| Información ao alumnado e ás familias | <p>Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil.</p> <p>Correo electrónico.</p> |
| Publicidade | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> |

1. CONTIDOS E COMPETENCIAS TRABALLADAS

CONTIDOS TRABALLADOS NO 3º TRIMESTRE

COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL

1. O corpo e a propia imaxe

- Regulación e control progresivo de sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo/a, das posibilidades e limitacións propias.
- Confianza na propia capacidade para realizar actividades.

2. Xogo e movemento

- Descubrimento e desenvolvemento das posibilidades motrices do seu corpo en situacións e actividades cotiás.
- Gusto polo xogo.

3. A actividade e a vida cotiá

- Adecuación de comportamento ás distintas situacións da vida cotiá.
- Iniciativa e autonomía nas distintas actividades cotiás.

4. O coidado persoal e a saúde

- Aplicación de hábitos relacionados co seu corpo.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que o require.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

1. Medio físico: elementos, relacións e medida

- Exploración de obxectos: percepción, manipulación e experimentación.
- Utilización da serie numérica para contar elementos.
- Discriminación de formas, cantidades, situacións espaciais e cores mediante xogos.

2. Achegamento á natureza

- Gusto e gozo polas actividades realizadas en contacto coa natureza.

3. Cultura e vida en sociedade

- Valoración das relacións afectivas que establece no grupo familiar.
- Participación autónoma e responsable nas tarefas da vida cotiá familiar.
- Valoración e aceptación das normas no seu grupo familiar.
- Aceptación da propia situación familiar.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. LINGUAXE VERBAL .

1.1. escoitar, falar e conversa

-Produción de mensaxes orais referidas a necesidades, emocións, desexos, intencións, propostas e opinións.

1.2. Aproximación á lingua escrita

-Descubrimiento da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e gozo.

- Producción e interpretación de códigos de simbolización gráfica.

1.3. Achegamento á literatura

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

- Comprensión e reprodución oral dalgúns contos clásicos e populares contados ou lidos polos adultos ou por eles mesmos.
- Participación en xogos lingüísticos.

2. LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

- Representación da figura humana no seu conxunto.
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías..a través do debuxo e de outras producións plásticas.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, espazo.
- Uso da colaxe como medio de experimentación con diversos materiais, con diversas formas e cores.
- Interese por coñecer as técnicas plásticas.

3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

- Achegamento a diferentes producións audiovisuais: películas, debuxos animados, xogos interactivos, cancións, contos.

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

- **Competencia de Comunicación lingüística.**
- **Competencia Cultural e artística.**
- **Competencia social e cidadá.**
- **Competencia matemática.**
- **Competencia para aprender a aprender.**

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación

Procedementos: Partindo da ORDEN 25 de Xuño de 2009 que desenvolve a avaliación na etapa de Educación Infantil sinalar que os obxectivos xerais cúmprense porque o traballo desenvolto nesta etapa é a globalización, pero si destacar que hai algúns obxectivos de área que quedaron sen consolidar, pero tendo en conta que nesta etapa a avaliación é continua levarase a cabo o seu desenvolvemento no próximo curso escolar

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

2020-21 aparecendo reflexados os centros de interés tanto na programación de aula como na programación de Ciclo.

Os indicadores empregados o longo do trimestre serán:

- A relación Docente- Familia foi positiva.
- Os medios de Comunicación entre familia- docente foron positivos e deron bo resultado.
- As actividades adaptáronse as circunstancias dos nen@s.
- Colaboraron as familias na axuda do desenvolvemento das actividades dos nen@s.
- A organización e o funcionamento do docente estivo o alcance das Familias.

Farase unha valoración na participación das actividades e de como foron desenvolvidas e tamén se terán en conta as dificultades e os medios dos que dispoñen as familias debido as súas circunstancias persoais nestes momentos actuais.

Instrumentos: Os traballos e aportacións dos nen@s, informes individuais e as novas tecnoloxías (espazo abalar, correo electrónico)

| | | |
|----------------------|----|---|
| Avaliación trimestre | 3º | A avaliación do 3º trimestre será a mesma que no 2º trimestre. A proposta de actividades deseñadas e recursos aportados os nen@s e as familias NON SON AVALIABLES. |
|----------------------|----|---|

3. **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

| | |
|-------------|---|
| Actividades | <p>ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO MOTOR (motricidade fina e grosa).</p> <p>ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN NO ESPAZO (traballando conceptos como diante-detrás, arriba- abaixo, dereita-esquerda) a través de obxectos e de situación da vida diaria.</p> <p>ACTIVIDADES DE ATENCIÓN E CONCENTRACIÓN : Realizaranse a través da observación, da experimentación e do xogo.</p> <p>ACTIVIDADES DE LINGUAXE ORAL : Contos populares, clásicos, poemas cortos, adiviñas, trabalinguas sinxelos...)</p> <p>ACTIVIDADES PLÁSTICAS, MUSICALES E DE INFORMÁTICA: Utilizando distintos tipos de materiais, recortado con tesoiras, cancións, enlaces de xogos, visualización de contos...</p> <p>ACTIVIDADES PARA O DÍA DO LIBRO: Contos e marcapáxinas.</p> <p>ACTIVIDADES PARA A REVISTA ESCOLAR.</p> <p>AS ACTIVIDADES SERÁN DE REPASO E DE REFORZO.</p> <p>Estas actividades serán o máis lúdicas posibles intercalando os distintos tipos de maneira que os nen@s poidan xogar, manipular, observar, expresarse de maneira oral e escrita e demostrar a súa creatividade.</p> |
|-------------|---|

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

| | |
|--|--|
| Metodoloxía (alumnado CON conectividad) | Para dar resposta as necesidades e características psicoevolutivas destes nen@s baseámonos nos principios de: aprendizaxe significativo, globalización, ensinanza activa, xogo e motivación. |
| Materiais e recursos | Os materiais empregados para a comunicación das mesmas as familias será a páxina web do centro, tamén espazo abalar, correo electrónico. Recursos: a través de internet aportando enlaces para o seu desenvolvemento. |

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| | | |
|---------------------------------------|---------------|---|
| Información alumnado e familias | ao e ás | Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil. Correo electrónico. O rematar o curso elaborárase un informe individualizado por nen@. |
| Publicidade | | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

6º EDUCACIÓN INFANTIL

1. CONTIDOS E COMPETENCIAS TRABALLADAS

2. CONTIDOS TRABALLADOS NO 3º TRIMESTRE

COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL

1. O corpo e a propia imaxe

- Utilización dos sentidos como medio de exploración do corpo e da realidade exterior.
- Regulación e control progresivo de sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo/a, das posibilidades e limitacións propias.
- Confianza na propia capacidade para realizar actividades.

2. Xogo e movemento

- Utilización correcta de pequenos aparatos e obxectos: punzóns, tesoiras, lapis...
- Coordinación e control de habilidades manipulativas de carácter fino.

3. A actividade e a vida cotiá

- Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das actividades da vida cotiá.
- Iniciativa e autonomía nas distintas actividades cotiás.
- Satisfacción pola realización de tarefas.
- Actitude de compartir, escoitar, esperar, atender...

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

-Actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.

4. O coidado persoal e a saúde

-Aplicación e perfeccionamento nos hábitos de hixiene corporal diarios.

-Colaboración no mantemento da orde e da limpeza no medio onde se desenvolven as actividades cotiás.

- Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno.

-Aceptación das normas relacionadas cos hábitos de hixiene, alimentación, descansos e desprazamentos.

-Gusto por desenvolver actividades en ambientes limpos e ordenados.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

1. Medio físico: elementos, relacións e medida

– Exploración de obxectos: percepción, manipulación e experimentación.

– Clasificación e agrupación de obxectos segundo as súas características, usos e funcións.

-Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores..., mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.

-Utilización correcta dalgúns obxectos en relación co uso que teñen.

-Aproximación á cuantificación de coleccións.

– Verbalización do criterio de pertenza ou non pertenza a unha colección.

– Utilización axeitada dos cuantificadores.

– Utilización da serie numérica para contar elementos.

-Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen engadir, quitar e repartir.

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

-Uso axeitado das nocións espaciais.

-Interese pola exploración e experimentación cos obxectos.

-Curiosidade por coñecer algúns obxectos tecnolóxicos habituais nas actividades cotiás.

-Apreciación da utilidade dos números para resolver os problemas da vida cotiá.

-Gozo coa actividade matemática.

- Expresa os seus coñecementos e opinións relacionados con algunhas características do proxecto: Unha viaxe espacial.

2. Achegamento á natureza

-Participa nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na casa, anticipando as distintas fases do mesmo.

-Coñece as características de cada estación e fai análises e rexistros sinxelos do tempo meteorolóxico de cada unha delas a través do calendario diario.

-Valoración dos ambientes limpos, non degradados nin contaminados.

-Respecto e coidado polos elementos do medio natural.

-Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar.

3. Cultura e vida en sociedade

- Descubrimento dos cambios producidos no medio pola actuación humana.

-Coñecemento dos distintos tipos de transporte e as súas características.

-Atención ós coñecementos que nos transmiten os medios de comunicación.

-Interese por coñecer as características do propio medio.

-Interese por coñecer os distintos medios de transporte e de comunicación.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. LINGUAXE VERBAL .

1.1. escoitar, falar e conversa

-Empregando unha linguaxe fluída, expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias, empregando con precisión o vocabulario que posúe e incorporando palabras novas.

-Participa activamente nas conversas , recordando feitos e situacións vividas, facendo achegas coherentes ás conversas en grupo. Mantén unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas.

Fai preguntas sobre obxectos, situacións, persoas e fenómenos, formula hipóteses e expresa as súas observacións, con linguaxe verbal e non verbal.

-Expressa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias, empregando con precisión o vocabulario que posúe e incorporando palabras novas.

1.2. Aproximación á lingua escrita

- Recoñece que os signos escritos comunican e expresan informacións, percibindo diferencias e semellanzas cuantitativas entre as palabras: (cantidade de letras, longas e curtas...)

-Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cualitativas (variedade de grafías)

-Recoñece pequenas palabras significativas presentes ó seu arredor (carteis, nomes de mestres, etiquetas presentes na aula, anuncios...)

-Gusto por realizar de maneira axeitada as grafías de acordo ao seu nivel madurativo..

1.3. Achegamento á literatura

-Interese por coñecer textos literarios infantís e actitude de escoita e participación nos mesmos.

-Gusto por crear pequenas historias creando un fío condutor nas mesmas e expresalas oralmente aos seus compañeiros.

-Participación nas datas e eventos que se suceden ao longo do curso escolar e que están referidas especialmente á creatividade e creación literaria, así como ao coñecemento dos escritores e escritoras de obras exclusivas da idade infantil ou non: Día do Libro, celebración das Letras Galegas,..

-Participación na radio escolar con gravacións referidas ao recitado de poemas, diferentes tipos de información..

2. LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

-Produción de actividades plásticas tanto libres coma dirixidas amosando creatividade e gusto por unha presentación limpa das mesmas.

-Expresión mediante os debuxos de vivencias e desexos e gusto por compartilos cos demais.

3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

- Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula.

Fai uso do ordenador na produción de textos, a través de programas de edición de textos.

- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

Competencia na comunicación lingüística

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Tratamento da información e competencia dixital

Competencia social e cidadá

Competencia de aprender a aprender

Autonomía e iniciativa persoal

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación

Procedemento:

Observación directa do alumnado (a través de vídeo conferencias)

Observación e valoración das producións do alumnado

Instrumentos:

A través de imaxes/vídeos que nos remitan das misións que van superando, das aportacións voluntarias do que están a facer que remitan en vídeo/imaxe e as limitadas interaccións orais que se levarán a cabo nas videoconferencias online.

Listas de control a través do libro interactivo multimedia, que farán ao rematar a misión.

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

| | |
|-------------------------|---|
| | Revisión dos traballos realizados a través de mensaxería, Exposicións orais a través de videoconferencia. |
| Avaliación 3º trimestre | A avaliación para o 3º trimestre terá en conta o acadado no 1º e 2º trimestre e ademais valorar todo o traballo feito neste, sempre de xeito positivo e tendo en conta as circunstancias familiares do noso alumnado. Posto que as propostas de actividades deste terceiro trimestre compren a función de proporcionar recursos educativos para o alumnado e as súas familias. NON SON AVALIABLES. |

3. **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).**

| | |
|---|--|
| Actividades | Nesta situación e debido a complexidade e en certos casos a imposibilidade de poñer en práctica todas as propostas plantexadas para este trimestre no currículo propoñemos diferentes actividades que inclúan todas as áreas de aprendizaxe. Para iso deseñamos unha UDI adaptada a situación de confinamento.: PROXECTO ESPAZO(<i>Dende a casa ao infinito</i>) que xa tiñamos programada para este trimestre. Tódalas actividades están recollidas na UDI. Ademais debido a que o noso alumnado cambia de ETAPA, propuxemos unhas actividades con material específico para que non perdan as habilidades e destrezas necesarias na lecto-escritura e na lóxica-matemática, como unha actividade de reforzo. |
| Metodoloxía (alumnado CON conectividade) | Metodoloxía participativa e bidireccional, entra a titora e as familias, a través da videoconferencias e do Abalar. Os principios de APRENDIZAXE SIGIFICATIVO, GLOBALIZACIÓN, ENSINO ACTIVO, XOGO, PARTICIPACION DA FAMILIA, tal e como se recolle na programación de ciclo para o presente curso están plantexados no proxecto de investigación do terceiro trimestre. Aínda así sabemos que a relación e interacción cos demais compañeiros a través do xogo como parte da súa aprendizaxe non é viable na situación actual. |
| Metodoloxía (alumnado SEN conectividade) | Este tipo de alumnado, que vén sendo unha minoría, tamén pode seguir o desenvolvemento do curso mediante o material exposto na páxina web do colexio que permite ser impreso nunha librería ou nunha copistería e levado para a casa. O seu seguimento será exclusivamente a través da plataforma Abalar, que a teñen descargada as familias no teléfono móbil. |

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

| | |
|----------------------|---|
| Materials e recursos | Recursos TIC que teñan os nenos nas súas casas. Recursos dixitais elaborados para esta Unidade. Recopilatorio de recursos (ligazóns e documentos escollidos) para a investigación |
|----------------------|---|

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| | |
|---------------------------------------|---|
| Información ao alumnado e ás familias | Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil, para despois comunicar a través da web do centro, nos cursos creados na categoría de Infantil, especificado por nivel e aulas, tódalas propostas de traballo. O blog de aula, emprégase tamén como canle de información e propostas de actividades. Así mesmo, é o xeito adoptado para poder visualizar as producións que o alumnado fai nestes días sobre o proxecto (vídeos, fotos, maquetas, murais...) |
| Publicidade | Na web do centro publicaranse as propostas de aprendizaxe. |

PSICOMOTRICIDADE

1. CONTIDOS E COMPETENCIAS TRABALLADAS

CONTIDOS TRABALLADOS NO 3º TRIMESTRE

COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL

1. O corpo e a propia imaxe

- Exploración das características globais e segmentarias do propio corpo
- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades corporais básicas en situacións habituais e ocasionais.
- Utilización dos sentidos como medio de exploración do corpo e da realidade exterior.
- Identificación e percepción das sensacións que se obteñen do propio corpo
- Regulación e control progresivo de sentimentos e emocións.
- Confianza na propia capacidade para realizar actividades.

2. Xogo e movemento

- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Adaptación tónico-postural ás diversas accións, ós xogos e ás situacións
- Reprodución de posturas co corpo.
- Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Interese e iniciativa pola adquisición de novas habilidades.
- Gusto pola actividade física e pola precisión de movementos.

3. A actividade e a vida cotiá

– Iniciativa e autonomía nas distintas actividades cotiás.

– Satisfacción pola realización de tarefas.

4. O coidado persoal e a saúde

– Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.

– Actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de enfermidade e accidentes.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

1. Medio físico: elementos, relacións e medida

– Situación e localización de si mesmo/a e dos obxectos no espazo segundo as nocións básicas.

– Realización de desprazamentos orientados.

– Uso axeitado das nocións espaciais.

2. Achegamento á natureza

3. Cultura e vida en sociedade

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando de forma positiva as relacións afectivas que neles se establecen.

– Participación autónoma e responsable nas diferentes tarefas da vida cotiá tanto familiar coma escolar.

– Aceptación da propia situación familiar.

– Desexos de participar en actividades sociais e culturais. (EN DIFERIDO)

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. LINGUAXE VERBAL .

1.1. escoitar, falar e conversa

- Comprensión das intencións comunicativas dos outros nas diferentes situacións de intercambio oral.
- Actitude de escoita cara ós outros nas súas interpretacións orais.

1.2. Aproximación á lingua escrita

- Descubrimento da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- Produción e interpretación de códigos de simbolización gráfica.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Comprensión e produción de imaxes de forma secuenciada.
- Iniciación ó coñecemento do código escrito a través de palabras e frases significativas.
- Valoración e interese pola linguaxe escrita como medio de información, diversión e comunicación

1.3. Achegamento á literatura

- Comprensión e reprodución oral dalgúns textos da tradición cultural contados ou lidos polos adultos.
- Gusto polas dramatizacións literarias.

2. LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

- Participación activa en bailes e danzas sinxelas.
- Gusto e pracer coa música, co canto e co baile.
- Experimentación das posibilidades expresivas do propio corpo a través de xestos e movementos.

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

- Expresión de sentimentos e emocións co propio corpo.
- Interpretación das mensaxes transmitidas polos outros a través do corpo.
- Automatización e realización de nocións de direccionalidade co propio corpo.
- Mantemento do equilibrio en diversas situacións de actividade.
- Automatización das técnicas de relaxación global e segmentaria.
- Control da respiración nas diferentes actividades tanto de movemento coma de relaxación.
- Imitación e representación espontánea de persoas, situacións e historias sinxelas, reais ou imaxinarias en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal.

3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

- Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Gozo cos xogos interactivos.

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

Competencia na comunicación lingüística

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Tratamento da información e competencia dixita

Competencia social e cidadá

Competencia de aprender a aprender

Autonomía e iniciativa persoal

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

| | |
|-------------------------|--|
| Avaliación | <p>Procedementos:</p> <p>Listas de control sobre o uso que se lle están dando ás propostas de Psicomotricidade. O seguimento destas listas é moi reducido porque baséanse nas mensaxes recibidas dende as familias.</p> <p>Non se programaron videoconferencias para mellorar a comunicación. Entendo que ese traballo o están a facer as titoras e prantexalo dende a miña posición, podería saturar esta situación tan desconcertante.</p> |
| Avaliación 3º trimestre | <p>Instrumentos:</p> <p>Mensaxería de ABALAR, listas de control.</p> <p>A avaliación para o 3º trimestre é a mesma que se fixo no 2º.</p> <p>As propostas de actividades deste terceiro trimestre cumpren a función de proporcionar recursos para o alumnado e as súas familias. NON SON AVALIABLES.</p> |

3. **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

| | |
|---|---|
| Actividades | Múltiples actividades de ioga, relaxación, respiración, recollidas nun LIM e nun SIMBALOO. |
| Metodoloxía (alumnado CON conectividade) | Metodoloxía expositiva. Totalmente unidireccional. Aínda así, seguen a guiar os principios de APRENDIZAXE SIGIFICATIVO, GLOBALIZACIÓN, ENSINO ACTIVO, XOGO, PARTICIPACION DA FAMILIA, tal e como se recolle na programación de ciclo para o presente curso. |
| Materiais e recursos | LIM sobre ioga “Paseniño, paseniño. PARA FACER CON CALMA” SIMBALOO sobre recursos de ioga de YOGIC, clasificados por tipo de recurso: titorial, posturas, cancións, karaokes |

4. **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

| | |
|---------------------------------------|---|
| Información ao alumnado e ás familias | <p>Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil.</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>Enviada unha primeira mensaxe por ABALAR, para dar a coñecer o blog e as propostas de actividade</p> |
| Publicidade | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro, onde aparece vinculado o BLOG de PSICOMOTRICIDADE que é onde se publican as propostas.</p> <p>https://pinchalagarto.blogspot.com/</p> |

MÚSICA e TIC

1. CONTIDOS E COMPETENCIAS TRABALLADAS

CONTIDOS TRABALLADOS NO 3º TRIMESTRE

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

2. LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

- Identificación e diferenciación entre ruído, silencio e música.
- Exploración das propiedades sonoras do corpo, dos obxectos e dalgúns instrumentos musicais.

3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

- Curiosidade polos instrumentos tecnolóxicos.
- Gozo cos xogos interactivos.

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

Tratamento da información e competencia dixital
 Competencia cultural e artística
 Competencia para aprender a aprender

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación

Procedementos: Como a etapa de educación infantil ten carácter globalizado, tanto os procedementos como instrumentos de avaliación serán os mesmos que utilicen as titoras.

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

| | |
|-------------------------|---|
| | Instrumentos: Os mesmos que utilicen as titoras. |
| Avaliación 3º trimestre | A avaliación para o 3º trimestre é a mesma que se fixo no 2º. As propostas de actividades deste terceiro trimestre compren a función de proporcionar recursos para o alumnado e as súas familias. NON SON AVALIABLES. |

3. **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

| | |
|---|--|
| Actividades | <ul style="list-style-type: none"> - Propostas de cancións, bailes, ritmos... - Creación de instrumentos musicais con material de refugallo. - Propostas de xogos interactivos. |
| Metodoloxía (alumnado CON conectividade) | <ul style="list-style-type: none"> - A empregada polas titoras. |
| Metodoloxía (alumnado SEN conectividade) | <ul style="list-style-type: none"> - A empregada polas titoras. |
| Materiais e recursos | <ul style="list-style-type: none"> - Material de refugallo. - Obxectos da vida cotiá. - Cancións, medios tecnolóxicos... |

4. **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

| | | |
|---------------------------------------|---------------|--|
| Información alumnado e familias | ao e ás | Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil. Correo electrónico. |
| Publicidade | | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

INGLÉS

1. CONTIDOS E COMPETENCIAS TRABALLADAS

CONTIDOS TRABALLADOS NO 3º TRIMESTRE

COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL

1. O corpo e a propia imaxe

- Exploración de características básicas globais e segmentarias do propio corpo.
- Identificación de diferenzas e semellanzas cos outros (hair, eyes,...).
- Identificación de sentimentos e emocións básicas (happy, sad, angry, scared)

2. Xogo e movemento

- Gusto polo xogo.
- Confianza nas súas posibilidades motrices (action songs, miming...)
- Utilización correcta de pequenos aparatos e obxectos: pencil, crayons, glue, stickers,...

3. A actividade e a vida cotiá

- Satisfacción pola realización de tarefas.
- Gusto polo traballo ben feito por un mesmo/a e polos demais.
- Valoración e aceptación das normas establecidas nos diferentes contextos.

4. O coidado persoal e a saúde

- Limpeza das distintas partes do corpo (wash face, and especially, hands).

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

– Colaboración no mantemento da orde e da limpeza do medio onde se desenvolven as actividades cotiás (tidy up!).

COÑECEMENTO DO CONTORNO

1. Medio físico: elementos, relacións e medida

– Produción de cambios e transformacións sobre os obxectos, observando os resultados (crafts,...)

– Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores..., mediante a realización de xogos interactivos no ordenador, e na realidade (numbers, shapes, colouring,...)

– Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.

2. Achegamento á natureza

- Identificación de aspectos meteorolóxicos (sunny, cloudy, rainy, windy,...)

3. Cultura e vida en sociedade

_ Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando de forma positiva as relacións afectivas que neles se establecen (family members)

– Coñecemento dos distintos tipos de transporte e as súas características.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

1. LINGUAXE VERBAL .

1.1. escoitar, falar e conversa

– Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar (Hello songs, Bye songs,...)

– Actitude positiva cara a lingua estranxeira.

1.2. Aproximación á lingua escrita

– Gusto por oír e follear contos e narracións.

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

– Interese e atención na escoita de narracións, explicacións ou descricións moi sinxelas, lidas por outras persoas (en situación real ou en vídeos e audios).

1. 3. Achegamento á literatura

-Gusto polos contos e historietas orais e visuais.

2. LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

– Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor.

– Expresión de sentimentos, emocións, a través do debuxo (draw a happy face and a sad face)

– Identificación das cores.

– Memorización e interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.

– Participación activa en bailes sinxelos.

3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

– Iniciación no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.

– Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

- **Competencia na comunicación lingüística: a excepción da súa dimensión de intercambio.**
- **Competencia matemática: habilidade para utilizar números.**
- **Competencia no coñecemento do mundo físico no que se refire aos aspectos meteorolóxicos.**
- **Tratamento da información e competencia dixital: a nosa maneira de comunicarnos foi telematicamente.**

- **Competencia social e cidadá: comprensión e aceptación da realidade de aillamento social polo propio ben e polo dos demais.**
- **Competencia cultural e artística: cancións, movemento corporal, debuxo, coloreado, manualidades.**
- **Autonomía e iniciativa persoal: desenvolver actividades sen a mirada atenta e constante da mestra.**

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

| | |
|-------------------------|--|
| Avaliación | Procedementos: O intercambio informativo coas familias. |
| | Instrumentos: Fichas interactivas autocorrixibles. Envío de fotos por parte de familias e titoras, dalgúns produtos conseguidos. |
| Avaliación 3º trimestre | Dado o carácter excepcional da situación actual, manteranse as apreciacións individuais obtidas hasta o momento do confinamento, sempre e cando non afecte negativamente aos logros do alumnado. |

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|--|
| Actividades | Reproducións de cancións e coreografías xa coñecidas, e algunhas novas, para reforzo das temáticas xa traballadas. Vídeos infantís expositivos de contidos. Vídeos de historietas. Debuxo, coloreado, pegado, ... Implicación con algún proxecto levado polas titoras. |
| Metodoloxía (alumnado CON conectividade) | - Baseada na imaxe e son, promovendo en todo momento o reforzo coa familiarización cos sons, vocabulario e estruturas básicas da lingua estranxeira. - Invitación constante ao baile e expresión corporal por medio dos vídeos preparados para tal fin. |

PROPOSTA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

| | |
|----------------------|---|
| | <ul style="list-style-type: none">- Invitación á realización de manualidades seguindo os pasos amosados nos vídeos seleccionados.- Tralaballo con fichas interactivas coa posibilidade de autocorrección.- Todo por medio de ligazóns a distintas plataformas, aplicacións,... |
| Materials e recursos | <p><u>En canto aos recursos materiais</u>, dada a situación, hai que destacar a enorme utilidade dos medios tecnolóxicos.</p> <p>A éstos hai que sumar, cando foi necesario para certas actividades, o uso de papel, ceras, pegamento,... o típico material para levar a cabo manualidades.</p> <p><u>Dentro dos recursos humanos</u>, neste caso hai que mencionar á mestra especialista de lingua estranxeira, ás titoras, que actuaron como mediadoras, e moi especialmente ás familias.</p> |

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| | |
|---------------------------------------|--|
| Información ao alumnado e ás familias | Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil. Correo electrónico. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |